



Comité de ética en intervención social As Mariñas

MEMORIA 2021

Lugar de Bos. Naves O Carballal, 4. 15640 Guísamo – Bergondo (A Coruña)

Tlfno.: 981 784 704

ceisamarinas@consorcioam.org

Índice:

1. Introducción
2. Composición e organización interna
3. Actividades do Comité
 - 3.1. Consultas recibidas
 - 3.2. Formación interna
 - 3.3. Participación no XV Congreso Nacional de Bioética
 - 3.4. Relatorio no Mestrado Universitario da UDC
 - 3.5. Reunión co Presidente e coa responsable de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas
 - 3.6. Presentación do Comité a distintos organismos e institucións
4. Grupos de traballo
5. Presenza do CEIS na web do Consorcio As Mariñas
6. Propostas de actuación para o ano 2022

1. INTRODUCCIÓN

O ano 2021 estivo marcado pola pandemia da Covid-19 e, de novo, condicionou o desenvolvemento da actividade do CEIS As Mariñas, aínda que en menor medida que no ano 2020, grazas á capacidade de adaptación e ao esforzo das persoas integrantes.

Aínda así, no noso día a día profesional, todas vivimos e compartimos experiencias traumáticas e realizamos intervencións difíciles, duras, e ás veces con pouco tempo para reflexionar. En ocasións actuamos de maneira precipitada, apuradas ante a necesidade de dar resposta a realidades complexas e poliédricas que precisarían dun tempo de repouso con que non se conta.

Foron moitos os problemas éticos que se nos presentaron e numerosas tamén as dúbidas sobre se a opción escollida é a máis acaída. Mais, cada día somos máis conscientes de que realizando un proceso reflexivo e deliberativo, no que se teñan en conta os valores e os principios éticos implicados e se exploren os posibles cursos de acción e as consecuencias que se derivan de cada un deles, minimízanse os erros e a intervención resulta máis xusta e atinada.

O CEIS As Mariñas axuda a que, pouco a pouco, logremos interiorizar unha ollada ética, tan necesaria en todas as intervencións profesionais.

2. COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN INTERNA

No ano 2021 o pleno do Comité estivo constituído por 22 persoas. O seu nome e as responsabilidades que asumen no seo do mesmo son as seguintes:

Presidenta	- Virginia Alonso Paz
Apoio á presidencia	- Victoria Fernández Gamboa - Lorena González Corral
Secretaria	- Teresa Guerra Fernández
Apoio á secretaría	- Mónica Mourín López
Vogais	- Celia Rivas Sampedro - Teresa Villaverde Rodríguez - M ^a Belén Taboada Fiaño - M ^a Luisa Vázquez Vázquez - Serezábel Rodríguez Rico - Mercedes García Prego - Marta Díaz Varela - Ana Monje Barcia - Ana Paula Suárez Villaverde - Teresa Molaes Cabana - M ^a Teresa Etchevers Lemus - María José Cagiao Vila - Ana Cobas García - Isabel Amigo Carrillo - M ^a Marta Ferreiro Lombao - Cristina Vara Vázquez - María Luz Campello García

O número de reunións ordinarias celebradas ao longo do ano 2021 ascende a cinco e correspóndense cos seguintes días de celebración:

- 19/02/2021
- 16/04/2021
- 11/06/2021
- 24/09/2021
- 19/11/2021

As reunións extraordinarias deste ano foron seis, e tiveron lugar nos seguintes días:

- 17/03/2021
- 29/03/2021
- 05/04/2021
- 06/04/2021
- 21/05/2021
- 15/07/2021

Tanto as reunións ordinarias como as extraordinarias foron telemáticas por mor das circunstancias sanitarias, e desenvolvéronse en horario de mañá, agás a reunión extraordinaria do día 06/04/2021, que se celebrou en horario de tarde.

A media de duración das reunións foi de unha hora e corenta minutos.

E en relación á asistencia, a media de participación foi do 60 % das persoas membro do Comité, o que se corresponde cunha media de 13 persoas asistentes, do total das 22 que compoñen na actualidade o CEIS As Mariñas.

3. ACTIVIDADES DO COMITÉ

En termos xerais valórase positivamente a actividade do CEIS As Mariñas ao longo de 2021, e cómpre subliñar que se lograron desenvolver a maioría das actuacións previstas.

E así, preséntase a continuación, moi brevemente, o estado das actuacións que se recollían na Memoria do pasado ano:

ACTUACIÓN PROPOSTA PARA O ANO 2020	GRAO DE CONSECUCIÓN
Presentación da Memoria 2020 ao Presidente do Consorcio e á responsable do Plan coordinador de Servizos sociais do Consorcio As Mariñas.	Executada
Atención dos casos e das consultas recibidas no Comité.	Executada
Creación, mantemento e/ou supresión de grupos de traballo en función das necesidades detectadas.	Executada

<p>Cumprimento do Plan de formación do ano 2021, no que se inclúen as seguintes accións formativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Curso “Actualización no método deliberativo” - Pílula formativa sobre “A ética en tempos de Covid-19 nos Servizos sociais comunitarios”. - Curso de formación sobre "A toma de decisións por representación nos Servizos sociais comunitarios” 	<p>Executada</p>
<p>Presentación do CEIS As Mariñas ás distintas institucións e organizacións sociais do territorio do Consorcio e aos Servizos sociais municipais da Coruña.</p>	<p>Pendente</p>
<p>Valoración da realización dun boletín dixital.</p>	<p>Executada</p>

De maneira máis detallada descríbense a continuación algunhas das actividades realizadas polo CEIS As Mariñas durante o ano 2021.

3.1. Consultas recibidas

Durante o ano 2021 recibíronse as seguintes consultas no CEIS As Mariñas:

- Consulta 1: Recibida o día 04/01/2021 en relación á tramitación da solicitude do recoñecemento da situación de dependencia.
- Consulta 2: Recibida o día 08/03/2021 en relación aos límites da intervención cunha unidade de convivencia.
- Consulta 3: Recibida o día 14/09/2021, sobre a exclusividade da tramitación telemática de axudas sociais dirixidas a colectivos vulnerables.

A análise e deliberación de casos desenvolveuse atendendo ao recollido no Desenvolvemento normativo de funcionamento interno do CEIS As Mariñas, celebrándose todas as reunións necesarias para cada un dos casos atendidos.

De forma xeral, as persoas integrantes do Comité agradecemos a confianza depositada no mesmo ao trasladar cuestións de tanta relevancia, que afectan ás persoas usuarias dos servizos sociais, á corrección ética das actuacións profesionais e das administracións públicas e, en xeral, ao conxunto da cidadanía.

3.2. Formación interna

O 2021 foi un ano de intenso traballo a nivel formativo. Desde o Consorcio As Mariñas organizáronse as seguintes actuacións de carácter formativo a proposta deste Comité:

- O curso titulado “*A deliberación ética na intervención social*” impartíuse telematicamente e tivo a finalidade de afondar na práctica da deliberación e adquirir un mellor dominio do método deliberativo. Impartíuna o Grupo de Investigación “Filosofía, Constitución e Racionalidade” da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña a través do profesor José Antonio Seoane, Catedrático de Filosofía do Dereito da UDC. O programa formativo, cunha totalidade de 25 horas, dividiuse en 5 módulos deseñados para reforzar as habilidades deliberativas e a elaboración de actas por medio dos diferentes casos prácticos propostos polas profesionais do Comité.



- O 13 de maio de 2021 Fernando Fantova impartiu a pílula formativa titulada “*A ética en tempos de covid nos servizos sociais comunitarios*”, de dúas horas de duración e dirixida a todo o persoal técnico e político dos Servizos sociais dos concellos que integran o Consorcio As Mariñas e ás Traballadoras sociais dos centros de saúde de ditos concellos.

Pódese acceder á pílula formativa a través da seguinte ligazón:

<https://cutt.ly/GYt4bh1>

- Os días 28 e 29 de outubro de 2021 Azucena Couceiro impartiu unha formación dirixida aos/ás profesionais dos Servizos sociais co título “A Capacidade de obrar e a súa aplicación na toma de decisións. Menor Maduro. Persoas de Idade e decisións ao redor da súa saúde”.

Esta formación responde ao compromiso que temos dende os Servizos sociais co recoñecemento da dignidade das persoas e co respecto á súa autonomía na toma de decisións vitais.



3.3. Participación no XV Congreso Nacional de Bioética

A comezos do mes de novembro do presente ano tivo lugar en Vitoria-Gasteiz o XV Congreso Nacional de Bioética, organizado pola Asociación de Bioética Fundamental y Clínica (ABFyC) baixo o lema Bioética e coidados en tempos de pandemia: vulnerabilidade, crise e cotiandade.

O Consorcio As Mariñas facilitou a participación en dito Congreso de dúas persoas do Comité de Ética de Intervención Social (CEIS) As Mariñas: Teresa Guerra (Secretaria) e Virxinia Alonso (Presidenta), que a demais presentaron no Congreso unha comunicación titulada “Xustiza distributiva e autodeterminación nos servizos sociais municipais: recomendacións do CEIS As Mariñas”.

No Congreso tamén participou outra persoa deste Comité, Luz Campello, en representación do Complexo hospitalario universitario da Coruña (CHUAC).

O Congreso caracterizouse pola alta calidade dos relatorios e pola actualidade temática, combinación que resultou de grande interese pola súa aplicabilidade no día a día.

Foron moitos os temas e as persoas que achegaron coñecementos sobre a análise da realidade social dende distintas ópticas (como a filosofía, a ética, a poética, a medicina, o dereito e os servizos sociais, entre outros) e presentaron experiencias relacionadas cos coidados e o impacto da pandemia.

Na web da ABFyC pódese acceder aos vídeos do congreso:

<https://www.asociacionbioetica.com/videos/xv-congreso-nacional-de-bioetica>

E a todas as comunicacións presentadas a través da seguinte ligazón:

<https://www.asociacionbioetica.com/publicaciones-de-la-abfyc>



3.4. Relatorio no Mestrado Universitario da UDC

O 5 de outubro de 2021 a Presidenta do CEIS As Mariñas impartiu o relatorio titulado “A toma de decisións éticas na acción social” na Xornada de ética e comunidade: Mans que tecen redes, organizada no marco da materia Dimensión ética e procesos educativos da acción social, do Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria da Facultade de Socioloxía na Universidade da Coruña.

O tema resultou moi interesante e o diálogo posterior foi moi enriquecedor.

3.5. Reunión co Presidente e coa responsable de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas

Realizada no Concello de Abegondo o día 1 de xullo de 2021, ademais do Presidente, José Antonio Santiso, tamén asistiron Lúa Sanguñedo (responsable política do Plan Coordinador de Servizos Sociais), Mercedes Casanova (técnica coordinadora de dito Plan Coordinador) e Belén Taboada (integrante do CEIS e persoal técnico dos Servizos sociais do Concello de Abegondo), xunto coa Presidenta e a Secretaria do CEIS As Mariñas.

Os asuntos tratados foron os seguintes:

- Presentación da Memoria do CEIS As Mariñas correspondente ao ano 2020 e compromiso da súa publicación na web do Consorcio, como así se fixo.

- Aprobación da carta de presentación do Comité a distintos organismos do ámbito social, sanitario e xurídico e establecemento do procedemento a seguir para o seu envío (sinaturas, modalidade, ...).
- Asunción por parte do Consorcio do gasto de participación de dúas persoas do CEIS As Mariñas no XV Congreso Nacional de Bioética, en representación do Comité e para a presentación dunha comunicación.
- Organización e financiamento das sesións de formación a impartir por Azucena Couceiro.
- Apoio, de forma unánime, á publicación dun boletín dixital e establecemento dos pasos a seguir para a súa difusión.

En todo caso valórase de xeito moi positivo a vontade política de seguir apoiando e facilitando o labor do Comité, así como a necesidade de celebrar reunións periódicas de coordinación.

3.6. Presentación do Comité a distintos organismos e institucións

Conscientes da importancia de dar a coñecer a existencia do CEIS As Mariñas, valorouse necesario enviar unha carta de presentación a diferentes organismos do ámbito social, sanitario e xurídico para dar conta da súa existencia e presentar a súa finalidade e características.

En total remitíronse 32 cartas de presentación. Agardamos que nun futuro próximo poidamos desenvolver iniciativas conxuntas para impulsar e consolidar a dimensión ética da intervención social e promover así o maior benestar das persoas usuarias dos servizos sociais.

4. GRUPOS DE TRABAJO

Durante o ano 2021 mantivéronse activos os dous grupos de traballo xa existentes no 2020, concretamente:

- Grupo de traballo de Comunicación.
- Grupo de traballo de Elaboración de recomendacións: A intervención dos servizos sociais ante demandas de terceiras persoas.

Ademais, a raíz dun proceso de deliberación interno, valorouse pertinente crear un novo grupo de traballo denominado Recomendacións éticas en relación ao recoñecemento da situación de dependencia.

Con distinto nivel de intensidade, os tres grupos tiveron un funcionamento autónomo para dar cumprimento aos seus obxectivos.

Cómpre salientar a elevada participación e compromiso das persoas que forman o grupo de Comunicación, no que todas as integrantes traballan arreo para promover actuacións que fagan visible o Comité no territorio do Consorcio.

5. PRESENZA DO CEIS NA WEB DO CONSORCIO AS MARIÑAS

Ao longo do presente ano mantívose aberta a xanela virtual do CEIS As Mariñas na páxina web do Consorcio As Mariñas: <http://www.consorcioma.org/>

A través da mesma pódese obter información sobre o Comité e acceder ao formulario para a presentación de consultas.

6. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

As propostas de actuacións a desenvolver durante o ano 2022 polo CEIS As Mariñas son as que a continuación se detallan:

- Presentación da Memoria do ano 2021 ao Presidente do Consorcio As Mariñas e ás responsables política e técnica do Plan Coordinador. Realizada esta presentación, a memoria farase pública a través da páxina web do Consorcio.
- Provisión de vacantes e renovación de cargos das persoas que compoñen o CEIS As Mariñas.
- Presentación do CEIS As Mariñas ás entidades sociais e sociosanitarias do territorio do Consorcio e nos Servizos sociais comunitarios do Concello da Coruña.

- Deliberación sobre as consultas que se reciban no Comité e emisión de informes cando proceda. Á par exploraranse vías para facer accesible a presentación de consultas a este Comité.
- Creación, mantemento e/ou supresión de grupos de traballo en función das necesidades detectadas.
- Publicación do boletín dixital nº 0 e do nº 1.
- Realización de accións formativas dirixidas ás persoas do Comité e aos/ás profesionais dos Servizos sociais comunitarios do territorio do Consorcio.
- Participación e/ou organización de distintas xornadas e seminarios nos que dar a coñecer a existencia do CEIS As Mariñas e desenvolver a cultura bioética na intervención social.

E para que conste aos efectos oportunos,

Asinado

Visto e prace

Teresa Guerra Fernández
Secretaria do CEIS As Mariñas

Virginia Alonso Paz
Presidenta do CEIS As Mariñas

En Bergondo, a 18 de febreiro de 2022